

## ✓ PREZOS:

Membros do GIPCE-COPG e G.I.-112: 40 €

Membros do GIPCE-COPG e e G.I.-112 desempregados/as: 20€

Neste curso podes optar as prazas gratuítas para colexiados/as  
desempregados/as. Bases no seguinte enlace:

[https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas\\_formacion\\_para\\_colexiados\\_e\\_colexiadas.pdf](https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf)

## ✓ INSCRICIÓN:

Directamente no local do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA, xunto co boletín de inscrición por correo postal ou correo electrónico.

Ao rematar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por correo electrónico a admisión ou non admisión.

**A asistencia á formación é unha das obrigas** que se asume ao entrar a formar parte do GIPCE. En **caso de non poder asistir é imprescindible comunicar e xustificar a non asistencia** ao COPG a través do correo electrónico.

Para realizar o curso deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para a tarifa de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado polo responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**.

Último día de inscrición: **20 de outubro de 2017**

**Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**


Rúa Espiñeira, 10-Baixo

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983

[copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal)

[www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal)



Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia

**Grupo de Intervención Psicolóxica  
en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)**

# **CURSO DE TÉCNICAS DE ACEPTACIÓN DA REALIDADE**

**27 e 28 de outubro de 2017**

## **Docente:**

Joaquim Soler Rivaldi. Psicólogo adxunto á Unitat de TLP, Hospital de la Santa Creu i Sant Pau. Presidente da Asociación de Terapia Dialéctico Conductual (SP-DBT). Profesor asociado. Departamento de Psiquiatría e Medicina Legal. Universidade Autónoma de Barcelona.

## **Coordinadora:**

**Ana Isabel Martínez Arranz**

## ✓INTRODUCCIÓN AO CURSO:

A aceptación é un dos polos esenciais na intervención en Terapia Dialéctica Conductual (TDC), en contraposición ao cambio e a solución de problemas. Esta énfase na aceptación obsérvase dunha forma máis aparente no módulo de Tolerancia á Dor nesta terapia, e en particular, nas Técnicas de Aceptación da Realidade que este módulo inclúe. Así, a aceptación é unha parte de tolerancia ao malestar.

Este é un módulo onde se ensina un conxunto de habilidades orientadas a tolerar e aceptar as emocións negativas. Estas habilidades son chave porque os sentimentos negativos son parte da vida e en moitas ocasións estes non poden ser evitados ou eliminados. É máis, o intento de liberarse destes causa un incremento significativo do malestar.

A capacidade de tolerar o malestar é fundamental para perseverar e manter a motivación cando se está intentando lograr un cambio conductual. Neste módulo inclúense estratexias e técnicas como os principios de aceptación radical, orientándose cara a aceptación, predisposición negativa vs. terquidade, medio sorriso e “willing hands”, e mindfulness cos pensamentos.

Algúns estudos sinalan que o compoñente orientado cara a aceptación en TDC é o máis indicado cos e coas pacientes en tratamento con esta terapia, e ambos mindfulness e aceptación, parecen chaves na mellora de desregulación emocional

✓ **OBXECTIVO:** Coñecer os procedementos utilizados para fomentar a aceptación en poboacións clínicas e en intervencións en emerxencias con terapia dialéctica conductual.

✓ **METODOLOXÍA:** Guión e bibliografía básica, tarefas e exercizos na aula e exemplos da aplicación das técnicas.

✓ **PRAZAS:**  
Só para membros do GIPCE-COPG e G.I.-112.

✓ **HORARIOS:**  
Venres: De 16:00 a 21:00 horas.  
Sábado: De 09:00 a 14:00 horas.

✓ **DURACIÓN:** 10 horas.

✓ **LUGAR:**  
Pendente de confirmar

✓ **PROGRAMA:**

- Aceptación en mindfulness.
- Aceptación en poboacións clínicas.
- Principios e técnicas de aceptación en TDC.
- Tolerancia á dor.